

BASES DA CONVOCATORIA DE AXUDAS A DEPORTISTAS GALEGOS PARA PROBAS INTERNACIONAIS 2019

Esta convocatoria ten por obxecto establecer as bases reguladoras da concesión de axudas destinadas a apoiar a os/as deportistas galegos/as que tiveran participacións internacionais durante o ano 2019; a Federación Galega de Tríatlon e Péntatlon Moderno co fin de axudar aos deportistas Galegos e apoiar a súa formación e proxección internacional, convoca as seguintes axudas a probas internacionais.

Poderán ser persoas beneficiarias desta convocatoria os/as deportistas que cumpran os seguintes requisitos:

1. Ter 18 anos no momento da presentación da solicitude.
2. Ser Galego ou estar empadroado nalgún Concello Galego antes do 1 de xaneiro de 2016.
3. Ter licenza galega e por un club galego dende antes do 1 de xaneiro de 2016.
4. Acreditar o nivel deportivo esixido de internacional.
5. Non estar cumprindo sanción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva de carácter grave ou moi grave.

ORZAMENTO

As axudas concedidas de conformidade coas presentes bases serán imputadas ao orzamento do ano 2019 da Federación Galega de Tríatlon e Péntatlon Moderno con cargo á partida "Axudas a deportistas" por un importe de 6.000 euros.

INCOMPATIBILIDADES

A Federación Galega de Tríatlon e Péntatlon Moderno, axudará os seus deportistas, naqueles casos nos que as respectivas Federaciós Españolas (Tríatlon e Péntatlon Moderno) non o fagan directa ou indirectamente mediante plans ou becas encamiñadas co mesmo fin.

SOLICITUDES

Envíarase cuberto o formulario adxunto e aportaranse as acreditacións necesarias.

As mesmas poderán presentarse directamente na sede da Federación Galega de Tríatlon e Péntatlon Moderno sita en: Rúa Castelao N.º 21 ent. nº 2 - 27001 Lugo ou dixitalmente no correo: info@fegatri.org

PRAZO DE SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes finalizará o 24 de novembro de 2019.

BAREMO

1. Participación coa Selección Galega15 puntos.

2. Táboas de baremación:

Táboa 1: Disciplinas Olímpicas/Paralímpicas

		Categoría Elite/Absoluta				Sub 23				Júnior			
Ámbito da competición		Do 1º ao 3º	Do 4º ao 10º	Do 10º ao 20º	Partici pación	Do 1º ao 3º	Do 4º ao 10º	Do 10º ao 20º	Partici pación	Do 1º ao 3º	Do 4º ao 10º	Do 10º ao 20º	Partici pación
T1.1	Cto. do Mundo/World Series	30	25	20	15	25	20	15	10	20	15	10	5
T1.2	Copa do Mundo	25	20	15	10	20	15	10	5	15	10	5	2
T1.3	Cto. de Europa	20	15	10	5	15	10	5	3	10	5	3	2
T1.4	Copa de Europa	15	10	5	3	10	5	3	2	5	3	2	1
T1.5	Cto. de España	10	5	3	2	5	3	2	1	3	2	1	0

Táboa 2: Disciplinas non Olímpicas/Paralímpicas

		Categoría Elite/Absoluta				Sub 23				Júnior			
Ámbito da competición		Do 1º ao 3º	Do 4º ao 10º	Do 10º ao 20º	Partici pación	Do 1º ao 3º	Do 4º ao 10º	Do 10º ao 20º	Partici pación	Do 1º ao 3º	Do 4º ao 10º	Do 10º ao 20º	Partici pación
T2.1	Cto. do Mundo/World Series	25	20	15	10	20	15	10	5	15	10	5	3
T2.2	Copa do Mundo	20	15	10	5	15	10	5	3	10	5	3	2
T2.3	Cto. de Europa	15	10	5	3	10	5	3	2	5	3	2	1
T2.4	Copa de Europa	10	5	3	2	5	3	2	1	3	2	1	0
T2.5	Cto. de España	5	3	2	1	3	2	1	0	2	1	0	0

Valórarase o mellor resultado por ámbito da competición.

Valoraranse unicamente os resultados acadados entre o 1 de xaneiro e 10 de novembro de 2019.

RESOLUCION

A Comisión de Valoración elevará informe coa proposta de resolución á Xunta Directiva da FEGATRI para que esta resolva e aprobe.

As listaxes das axudas concedidas publicaranse na páxina web da FEGATRI (www.fegatri.org)

RECLAMACIÓNS

Contra a resolución da concesión das axudas poderán interperse reclamacións, no prazo máximo de 10 días hábiles a contar dende a publicación das listas de deportistas beneficiarios.

OBRIGAS DOS/AS DEPORTISTAS BENEFICIARIOS

-Aceptar e cumprir todas as estipulacións establecidas nas bases desta convocatoria.

-Participar nas actividades de difusión co fin de demostrar o grao de aproveitamento destas axudas, así como nas actividades de promoción do deporte que poida programar a FEGATRI e/ou os seus patrocinadores e/ou entes colaboradores.

Lugo, 15 de novembro de 2019